



DEPUTACIÓN DE LUGO



BASES DA CONVOCATORIA, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS SEN ÁNIMO DE LUCRO DAS RESERVAS DA BIOSFERA TERRAS DO MIÑO E OS ANCARES LUCENSES PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓNS DE POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO NATURAL, CULTURAL E PAISAXÍSTICO DESTES TERRITORIOS NA ANUALIDADE 2025

0 ANTECEDENTES

A **Deputación de Lugo** é a entidade responsable da xestión das **Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá**, declaradas nos anos 2002 e 2006, respectivamente, pola UNESCO ao abeiro do Programa Persoa e Biosfera (Programa MaB).

As **Reservas da Biosfera** son territorios cuxo obxectivo é harmonizar a conservación da diversidade biolóxica e cultural e o desenvolvemento económico e social a través da relación das persoas coa natureza. Establécense sobre zonas ecoloxicamente representativas ou de valor único, nas cales a integración da poboación humana e as súas actividades coa conservación son esenciais.

Estes territorios son tamén lugares de experimentación e de estudo do desenvolvemento sostible, cumprindo **tres funcións básicas**: conservación da biodiversidade e dos ecosistemas que conteñen; desenvolvemento das poboacións locais; e unha función loxística de apoio á investigación, á formación e á comunicación.

Ambas Reservas da Biosfera contan cos seus respectivos **órganos de xestión**, sen personalidade xurídica propia, integrados na Deputación de Lugo, conformados cada un deles por un Órgano Reitor e un Órgano de Participación.

Por outra banda, as dúas Reservas da Biosfera contan co seu propio **Plan de Xestión (2024-2034)**, informados favorablemente polos respectivos Órganos de Participación e aprobados polos Órganos Reitores nas reunións celebradas o 18.06.2024 (Reserva da Biosfera Terras do Miño) e o 19.06.2024 (no caso da Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses). Os plans de xestión das dúas Reservas da Biosfera definen para cada territorio un novo modelo de desenvolvemento que harmoniza os diversos sectores de actividades socioeconómicas co desenvolvemento das poboacións locais e a conservación do patrimonio natural e a biodiversidade, integrándose co resto de políticas sectoriais.

A RESERVA DA BIOSFERA TERRAS DO MIÑO

A **Reserva da Biosfera Terras do Miño** inclúe territorios de **26 municipios** da provincia de Lugo: Abadín, Alfoz, Baralla, Begonte, Castro de Rei, Castroverde, O Corgo, Cospeito, Friol, Guitiriz, Guntín, Láncara, Lugo, Meira, Mondoñedo, Muras, Oulol, Outeiro de Rei, O Páramo, A Pastoriza, Pol, Rábade, Riotorto, O Valadouro, Vilalba e Xermade.



DEPUTACIÓN DE LUGO



O Plan de Xestión da Reserva da Biosfera Terras do Miño estrutúrase en 4 grandes liñas establecidas en conformidade cos obxectivos e directrices do Programa Persoa e Biosfera e, concretamente, coas contidas no Plan de Acción de Lima para a Rede Mundial das Reservas da Biosfera, e no Plan de Acción de Ordesa - Viñamala para a Rede de Reservas da Biosfera Españolas.

Cada unha das Liñas do Plan de Xestión vincúlase cos obxectivos contemplados no Plan de Acción de Lima para a Rede Mundial das Reservas da Biosfera e o Plan de Acción de Ordesa-Viñamala para a Rede Española de Reservas da Biosfera, incorporando no ámbito da función de conservación as liñas contempladas Convenio sobre a Diversidade Biolóxica, así como os obxectivos e metas fixados no 2022 no Marco mundial Kunming-Montreal da diversidade biolóxica. En cada unha das liñas fíxanse distintas accións, cun total de 14:

Liña 1 Xestión adaptativa da Reserva da Biosfera

- Acción 1.1. Mellora do funcionamento da Reserva.
- Acción 1.2. Colaborar cos órganos de xestión doutras figuras de áreas protexidas, declaradas no territorio.
- Acción 1.3. Fortalecer as sinerxias coas entidades públicas e privadas do territorio.
- Acción 1.4. Estratexia de comunicación e difusión da Reserva.

Liña 2 Actuacións vinculadas coa función de conservación da Reserva

- Acción 2.1. Asegurar o mantemento e o estado de conservación favorable dos compoñentes da Biodiversidade e Xeodiversidade da Reserva da Biosfera
- Acción 2.2. Conectividade ecolóxica
- Acción 2.3. Vixilancia e control de especies exóticas invasoras.

Liña 3 Actuacións vinculadas coa función de desenvolvemento socio-económico

- Acción 3.1. Responsabilidade social.
- Acción 3.2. Medio rural.
- Acción 3.3. Medio urbano e áreas grises.
- Acción 3.4. Actividades de uso público.

Liña 4 Actuacións vinculadas coa función de apoio loxístico

- Acción 4.1. Seguimento de compoñentes ecolóxicos e ambientais.
- Acción 4.2. Actividades educativas e desenvolvemento de capacidades.
- Acción 4.3. Redes.



DEPUTACIÓN DE LUGO



A RESERVA DA BIOSFERA OS ANCARES LUCENSES E MONTES DE CERVANTES, NAVIA E BECERREÁ

A **Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá** (en adiante, Os Ancares Lucenses) inclúe territorios de 3 **municipios** da provincia de Lugo: Cervantes, Navia de Suarna e Becerreá.

O Plan de Xestión da Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses estrutúrase en 4 grandes liñas establecidas en conformidade cos obxectivos e directrices do Programa Persoa e Biosfera e, concretamente, coas contidas no Plan de Acción de Lima para a Rede Mundial das Reservas da Biosfera e no Plan de Acción de Ordesa - Viñamala para a Rede de Reservas da Biosfera Españolas.

Cada unha das Liñas do Plan de Xestión vincúlase cos obxectivos contemplados no Plan de Acción de Lima para a Rede Mundial das Reservas da Biosfera e o Plan de Acción de Ordesa-Viñamala para a Rede Española de Reservas da Biosfera, incorporando no ámbito da función de conservación as liñas contempladas Convenio sobre a Diversidade Biolóxica, así como os obxectivos e metas fixados no 2022 no Marco mundial Kunming-Montreal da diversidade biolóxica. En cada unha das liñas fíxanse distintas accións, cun total de 14:

Liña 1 Xestión adaptativa da Reserva da Biosfera

- Acción 1.1. Mellora do funcionamento da Reserva.
- Acción 1.2. Colaborar cos órganos de xestión doutras figuras de áreas protexidas, declaradas no territorio.
- Acción 1.3. Fortalecer as sinerxias coas entidades públicas e privadas do territorio.
- Acción 1.4. Estratexia de comunicación e difusión da Reserva.

Liña 2 Actuacións vinculadas coa función de conservación da Reserva

- Acción 2.1. Asegurar o mantemento e o estado de conservación favorable dos compoñentes da Biodiversidade e Xeodiversidade da Reserva da Biosfera
- Acción 2.2. Conectividade ecolóxica
- Acción 2.3. Vixilancia e control de especies exóticas invasoras.

Liña 3 Actuacións vinculadas coa función de desenvolvemento socio-económico

- Acción 3.1. Responsabilidade social.
- Acción 3.2. Medio rural.
- Acción 3.3. Medio urbano e áreas grises.
- Acción 3.4. Actividades de uso público.



DEPUTACIÓN DE LUGO



Liña 4 Actuacións vinculadas coa función de apoio loxístico

- Acción 4.1. Seguimento de compoñentes ecolóxicos e ambientais.
- Acción 4.2. Actividades educativas e desenvolvemento de capacidades.
- Acción 4.3. Redes.

En ambas Reservas da Biosfera resulta imprescindible que a **implementación dos seus Plans de Xestión forme parte dun proceso integrador** no que se teñan en conta os diferentes axentes implicados no desenvolvemento e posta en marcha de cada acción. Polo tanto, debe contemplarse a integración dos organismos competentes, fomentando a colaboración e participación de entidades locais, asociacións, representantes dos distintos sectores produtivos implicados, organizacións conservacionistas sen ánimo de lucro, institucións dedicadas a educación e/ou investigación científica, así como todos aqueles axentes que poidan verse implicados no desenvolvemento e posta en marcha das accións formuladas no presente Plan, especialmente, aos integrantes dos Órganos de Participación de ámbalas Reservas da Biosfera.

1 DEFINICIÓN DO OBXECTO DA SUBVENCIÓN

Constitúe o obxecto desta convocatoria a ordenación do procedemento aplicable para a concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva destinadas a entidades asociativas legalmente constituídas sen ánimo de lucro con sede/delegación social ou cuxo ámbito territorial de actuación estea incluído nas Reservas da Biosfera Terras do Miño ou Os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá (en adiante, Os Ancares Lucenses), e cuxo obxecto social estea relacionado con algunha das liñas de acción dos plans das ditas Reservas.

Estas subvencións están destinadas ao desenvolvemento de actuacións de posta en valor do patrimonio natural, cultural e paisaxístico destes territorios na anualidade de 2025, e cuxos fins contribúan ao cumprimento dalgunha das Liñas dos seus Plans de Xestión.

A convocatoria inclúe dúas liñas diferenciadas:

- A **LIÑA 10.2** destinada á execución de actividades en municipios da Reserva da Biosfera Terras do Miño por parte de entidades asociativas sen ánimo de lucro con sede/delegación social ou cuxo ámbito territorial de actuación estea incluído neste territorio, do que forman parte os seguintes 26 municipios: Abadín, Alfoz, Baralla, Begonte, Castro de Rei, Castroverde, O Corgo, Cospeito, Friol, Guitiriz, Guntín, Láncara, Lugo, Meira, Mondoñedo, Muras, Oulol, Outeiro de Rei, O Páramo, A Pastoriza, Pol, Rábade, Riotorto, O Valadouro, Vilalba e Xermade.
- A **LIÑA 10.3** destinada á execución de actividades en municipios da Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses por parte de entidades asociativas sen ánimo de lucro con sede/delegación social ou cuxo ámbito territorial de actuación estea incluído neste territorio, do que forman parte os seguintes 3 municipios: Becerreá, Cervantes e Navia de Suarna.



DEPUTACIÓN DE LUGO



Terán a consideración de **actuacións subvencionables** (sempre que os gastos derivados da actuación sexan gastos correntes e non inversións):

- a) Actuacións de mantemento e conservación de instalacións existentes, como centros de interpretación da natureza e de recepción de visitantes, refuxios de pesca (en relación cos plans de ordenación piscícola) e de observación, centros socioculturais, etc.
- b) Actuacións de mantemento e conservación de sendas peonís e pasarelas existentes.
- c) Actuacións de conservación e restauración do patrimonio natural e cultural, como por exemplo: conservación e restauración dos ecosistemas naturais; eliminación de especies exóticas invasoras; conservación de corredores fluviais; conservación e mellora dos elementos culturais e etnográficos; recompilación e mantemento do coñecemento tradicional e do patrimonio inmaterial das Reservas da Biosfera (etnobotánica, folclore, música, artesanía, gastronomía, etnoloxía, etc.)
- d) Actividades de información e/ou divulgación para a conservación do patrimonio natural, cultural e paisaxístico das Reservas da Biosfera (charlas, xornadas informativas, obradoiros, actividades de voluntariado, roteiros, exposicións, material divulgativo e de difusión, actividades interactivas, visitas, etc).
- e) Actuacións de promoción dun desenvolvemento rural sostible que teñan como obxectivos a mellora da calidade de vida das poboacións locais, a mitigación e/ou adaptación ao o cambio climático e a sostibilidade enerxética, así como a sostibilidade da agricultura, gandería e silvicultura (promoción das producións agrogandeiras sostibles e fomento de prácticas forestais sostibles).
- f) Actuacións de fomento de producións e servizos de calidade: fomento de producións locais tradicionais; promoción de produtos e servizos de calidade e fomento do emprego local; promoción e desenvolvemento dun turismo sostible e de calidade nas Reservas da Biosfera.
- g) Realización de inventarios e estudos sobre o seguimento e estado de conservación das especies de flora e fauna e os seus hábitats, así como a investigación con razas, variedades e ecotipos locais que permitan afondar na obtención de produtos de mellor calidade en resposta á demanda de consumo.
- h) Actuacións de formación en sostibilidade ambiental a profesionais, xestores e técnicos locais que lles capacite para introducir melloras e patróns sostibles nos procesos produtivos e de prestación de servizos que repercutan nos recursos naturais do territorio (sector agrogandeiro, forestal, industrial, construción, turismo, alimentación, etc.)
- i) Actuacións de educación ambiental en todos os niveis da educación regulada.

Non se considerarán subvencionables a redacción dos proxectos que deriven en investimentos.



DEPUTACIÓN DE LUGO



Réxime da convocatoria:

As subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, obxecto desta convocatoria articularanse na modalidade subvención (código instrumento axuda SUBV) sen contraprestación en réxime de concorrencia competitiva e se encadran dentro do sector económico doutras actividades asociativas (código sector económico 94.9), coa finalidade doutras actuacións de carácter económico (código finalidade 18), prevendo unha diminución ou eliminación das desigualdades detectadas e contribuíndo aos obxectivos das políticas de igualdade (código de impacto de xénero 3).

Estes códigos refírense á información para a base de datos nacional de subvencións.

Pódese consultar a **Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo** no enlace: <http://www.deputacionlugo.gal/subvencions>.

2 CARÁCTER DA SUBVENCIÓN

As subvencións que se concedan segundo as presentes bases reitoras da convocatoria e de acordo co Plan Estratéxico de Subvencións da Excm. Deputación Provincial de Lugo 2023-2025, terán carácter voluntario e eventual.

A Corporación Provincial, por medio da Xunta de Goberno, como medida de garantía a favor dos intereses públicos, poderá revisalas ou, se é o caso, revogalas ou reducilas por causas debidamente xustificadas.

A concesión de subvencións para a anualidade de 2025 non xera ningún dereito á obtención de subvencións en convocatorias posteriores.

En calquera caso, a Deputación Provincial quedará exenta de toda responsabilidade civil, mercantil, laboral ou de calquera tipo que se derive das actuacións ás que queden obrigadas as entidades beneficiarias das subvencións.

3 ORZAMENTO

A cantidade destinada para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, dirixidas a entidades asociativas das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses para o desenvolvemento de proxectos de posta en valor do patrimonio natural, cultural e paisaxístico destes territorios na anualidade 2025 será de cento noventa mil euros (190.000,00 €) con cargo ás aplicacións 1724/48900 (120.000,00 €) e 1725/48900 (70.000,00 €) do vixente orzamento do ano 2025, segundo a previsión establecida na Liña 10 (Área de Medio Ambiente) do Plan Estratéxico de Subvencións desta Deputación Provincial de Lugo 2023-2025.

- **A LIÑA 10.2 C (Reserva da Biosfera Terras do Miño) está dotada con 120.000 €.**
- **A LIÑA 10.3 C (Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses) está dotada con 70.000 €.**



DEPUTACIÓN DE LUGO



No caso de que non se esgotase o orzamento dunha das liñas, podería incrementarse nese importe o orzamento da outra.

Cúmprense todos os obxectivos específicos das Liñas 10.2 e 10.3 do Plan Estratéxico de Subvencións desta Deputación Provincial de Lugo 2023-2025 e do Anexo I de créditos inicialmente dispoñibles para 2025, os cales coinciden coas liñas e as accións dos Plans de Xestión da Reserva da Biosfera Terras do Miño e da Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses, respectivamente.

4 GASTOS SUBVENCIONABLES

1. Para os efectos do disposto no artigo 31.1 e 2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e de conformidade co disposto no artigo 33 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo, enténdese por **gastos subvencionables**, aqueles que de maneira indubitada respondan á natureza da actuación subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro da anualidade 2025. En ningún caso, o custe de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.
2. Para os efectos do disposto no artigo 31.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, considerase **gasto realizado** o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado na base 12.
3. Para os efectos desta convocatoria, enténdese por **orzamento financiable** o constituído polo custo soportado pola entidade solicitante ou beneficiaria da axuda pública segundo os gastos subvencionables definidos nesta convocatoria.
4. Estas actuacións **non poderán ser obxecto de axuda** con cargo a outro programa/convocatoria/subvención da **Deputación de Lugo** (independentemente das anualidades nas que se concedan as subvencións).
5. Terán a consideración de **gastos subvencionables**, aqueles considerados como **gastos correntes** (non se consideran subvencionables os gastos de inversión) que contribúan ao cumprimento dalgunha das Accións dos Plans de Xestión das Reservas da Biosfera Terras do Miño ou Os Ancares Lucenses, sempre que se enmarquen nunha das actividades recollidas na base 1:

a) Gastos do persoal con contrato laboral coa entidade solicitante, necesario para a realización e desenvolvemento da actividade obxecto de subvención e durante a duración da mesma.

A contratación de persoal para o desenvolvemento da actuación subvencionable non implica relación laboral algunha entre dito persoal contratado e a Deputación provincial, polo que non se poderá esixir a este organismo responsabilidade, nin directa nin subsidiaria, por feitos acontecidos durante o desenvolvemento da actividade subvencionada.

b) Gastos de servizos de profesionais independentes (contratacións externas) que sexan necesarios para o desenvolvemento da actividade obxecto da subvención.



- c) Gastos de seguros exclusivamente para as actividades para as que solicitan axuda: responsabilidade civil e, se fose o caso, de cobertura de accidentes da actividade.
- d) Gastos de desprazamentos para a celebración de actividades (dos monitores, poñentes, participantes, voluntarios, etc.): estes gastos serán subvencionables no caso de ter contratado a un terceiro este servizo de transporte, e sempre que o dito gasto conleve unha actuación con documento xustificativo que acredite que se realizaron actividades vencelladas aos Plans de Acción das Reservas da Biosfera na propia viaxe.
- e) Gastos de publicidade da actividade para a que se solicita subvención: cartelería, folletos, publicidade, redes sociais, etc. sempre relacionados coa actividade subvencionada.
- f) Gastos correntes para o desenvolvemento das actividades, como por exemplo, subministros non inventariables.
- g) Gastos de cursos, charlas, obradoiros etc. (honorarios, dietas, aloxamento e quilometraxe).
- h) Gastos de organización: empresas organizadoras de actividades.
6. Quedan **excluídos** desta convocatoria os **gastos de inversión** ou por **compra de material inventariable**.
7. Non se subvencionarán:
- Aqueles proxectos que se leven a cabo fóra do ámbito territorial dos concellos das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses (aínda que estean integrados nunha programación global e organizados por unha entidade que teña a súa delegación/sede social nos territorios destas Reservas da Biosfera).
 - Aqueles proxectos que, en xeral, sexan corporativos restritivos, xa que o fin desta convocatoria é a promoción dos recursos naturais, culturais e paisaxísticos para a poboación en xeral e colectivos abertos, non unicamente para un colectivo restritivo de membros.
8. En ningún caso serán subvencionables aquelas **actuacións ou actividades que non sexan respectuosas coas finalidades e obxectivos dos espazos naturais protexidos** que formen parte da zona núcleo das Reservas da Biosfera ou que poidan poñer en perigo os valores que xustifican a protección deses espazos, recollidos segundo as prescricións contidas na normativa aplicable.
9. De acordo coa **lexislación vixente en materia de igualdade entre homes e mulleres e de protección contra a violencia de xénero**, non se subvencionarán aquelas actuacións que inclúan (tácita ou implicitamente) contidos ou publicidade sexista e que se poidan considerar discriminatorias, vexatorias ou que xustifiquen, banalicen ou inciten á desigualdade de xéneros ou á violencia de xénero.
10. Calquera actuación, consecuencia da actividade subvencionada, que supoña **discriminación por razóns de xénero, raza, relixión, nacemento, opinión ou outras circunstancias persoais ou sociais**, protexidas pola nosa Constitución, poderá traer consigo a suspensión da subvención concedida e a súa revogación e reintegro no seu caso.



DEPUTACIÓN DE LUGO



11. Non existirá a posibilidade de efectuar **pagos anticipados nin ingresos a conta** das subvencións concedidas.
12. De igual xeito establécese que, cando menos o **5% do custo total da actuación subvencionada**, deberá ser financiado con recursos propios da entidade beneficiaria.

5 REQUISITOS QUE DEBERÁN REUNIR AS ENTIDADES BENEFICIARIAS

1. Poderán acollerse a esta convocatoria aquelas entidades asociativas legalmente constituídas sen ánimo de lucro con sede/delegación social ou cuxo ámbito territorial de actuación estea incluído nas Reservas da Biosfera Terras do Miño ou Os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá (en adiante, Os Ancares Lucenses), e cuxo obxecto social estea relacionado con algunha das liñas dos Plans de Xestión das ditas Reservas, que no momento da convocatoria o soliciten de acordo co establecido nestas bases, tendo consideración de beneficiaria da subvención a entidade destinataria dos fondos públicos para a actividade ou acción que dentro da finalidade das bases da convocatoria, se atope na situación que lexítima a súa concesión.

Tendo en conta o anterior, as entidades asociativas deben desenvolver actividades nos aspectos vinculados ao cumprimento dos obxectivos da Reserva da Biosfera Terras do Miño e/ou a Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses, ou que sexan representativos de intereses sociais, económicos ou ambientais destes territorios cuxos fins sexan acordes cos principios inspiradores do Programa MaB da UNESCO (os seus estatutos deben recoller eses fins expresamente), e sempre que as ditas accións que desenvolvan cumpran o obxecto íntegro destas bases.

2. Non poderán obter a condición de entidade beneficiaria das subvencións quen non reúna os requisitos establecidos no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS) e no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de Subvencións de Galicia (LSG) para obter a condición de beneficiario/a.

Así mesmo, en ningún caso poderán acceder á condición de beneficiario/a cando teñan pendentes de xustificación unha subvención/axuda outorgada pola Deputación de Lugo, sempre que o prazo establecido para a súa presentación rematara.

3. Obrigas das entidades beneficiarias:

- As entidades beneficiarias perceptoras da subvención terán as obrigas recollidas no artigo 11 da LSG e no artigo 14 da LXS.
- O/a beneficiario/a deberá facer constar expresamente que a actuación realizada foi subvencionada pola Deputación Provincial de Lugo, en todas aquelas actuacións e en calquera tipo de soporte, que se deriven da execución das presentes bases, de acordo co establecido no artigo 18.3 e 4 da LXS e no artigo 31 do RLXS.
- Cumprir o obxectivo, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións. Ditas actividades son as que constan nos



DEPUTACIÓN DE LUGO



proxectos/memorias achegados polas entidades beneficiarias, as cales son obxecto de valoración para determinar a contía das respectivas subvencións (concorrenza competitiva), independentemente de que a subvención concedida sexa inferior á solicitada.

- En todos os soportes publicitarios ou de promoción e difusión da actuación, as entidades beneficiarias da subvención incluírán as imaxes corporativas da Deputación de Lugo, e particularmente do Programa MaB da UNESCO e da Reserva da Biosfera Terras do Miño ou Os Ancares Lucenses (segundo o caso). Estas imaxes serán facilitadas pola Institución Provincial.
- De acordo co establecido no artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de uso da lingua galega na Deputación de Lugo (BOP de Lugo núm. 212 do 14 de setembro de 2016), as entidades beneficiarias da subvención deberán cumprir o requisito de empregar o idioma galego, en calquera soporte, nas campañas publicitarias e de promoción das actividades subvencionadas (cursos, xornadas, conferencias, festas, espectáculos, actividades deportivas, festivais, campionatos, etc.) incluídas nesta subvención.
- De conformidade coas bases da referida convocatoria de subvencións, a entidade beneficiaria comprométese á realización da actuación subvencionada e ao pagamento de cantos gastos, dereitos, canons, taxas, impostos, compensacións e indemnizacións aos que dera lugar o cumprimento das actividades a desenvolver en virtude da resolución da convocatoria, así como á obtención de todos os permisos, licenzas e seguros precisos para a súa execución.

4. Protección de datos de carácter persoal:

A concorrenza ao proceso de concesión de subvencións implicará a manifestación tácita do consentimento inequívoco ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación de acordo co previsto no regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE; aspectos desenvolto na Lei 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantías dos dereitos dixitais. A finalidade da recollida e tratamento dos datos persoais será estritamente para a xestión e tramitación do expediente correspondente.

6 IMPORTE DA SUBVENCIÓN

O importe da subvención a conceder (por actuación de cada Liña da convocatoria) estará comprendida no **intervalo** establecido na seguinte táboa:

IMPORTE MÍNIMO	IMPORTE MÁXIMO
1.000,00 €	7.000,00 €

En todo caso, o importe máximo indicado virá determinado pola puntuación obtida por cada entidade en función da aplicación dos criterios de avaliación previstos na convocatoria e, no seu caso, pola posible atribución de remanentes atendendo tamén a puntuación obtida.



DEPUTACIÓN DE LUGO



Así mesmo, o importe da subvención a conceder non poderá exceder do importe da actividade subvencionada.

O importe da subvención a conceder, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos (doutras Administracións ou de Entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais) supere o custo da actividade ou acción subvencionable.

A cantidade concedida non é un importe certo, fai referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total da actuación subvencionada, **xa que cando menos o 5% da actuación subvencionada deberá ser financiada pola propia entidade beneficiaria.**

En caso de incumprimento do previsto no parágrafo anterior, procederase á redución da parte proporcional da achega económica provincial.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións outorgadas por outras Administracións, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais (reflectidas nestas bases) poderán dar lugar á modificación da resolución de concesión.

A Xunta de Goberno só concederá unha axuda por actuación/actividade subvencionable e por entidade dentro de cada unha das Liñas.

7 PRAZOS DE EXECUCIÓN

O prazo de execución da actividade ou comportamento subvencionado abarca do 1 de xaneiro de 2025 ata o 31 de decembro do 2025.

8 PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

1. Tendo en conta que os posibles beneficiarios/as desta convocatoria están integrados nos colectivos obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas (artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, LPACAP), as **solicitudes formularanse de xeito electrónico**, dirixidas ao Presidente de Deputación de Lugo, nos modelos oficiais xunto coa documentación que sexa preciso achegar, a través da Sede Electrónica da Deputación Provincial de Lugo, así como a través dos restantes rexistros electrónicos aos que se refire o artigo 16.4 da LPACAP.

2. **O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días hábiles**, a contar a partir do día seguinte da publicación no BOP da provincia de Lugo do extracto da convocatoria.

As solicitudes deben ser subscritas polos peticionarios, acompañándoas daqueles documentos requiridos para acreditar a condición de beneficiario/a e, no seu caso, daqueles outros que conveñan para a definición e avaliación da axuda solicitada en función das finalidades establecidas nestas bases.



DEPUTACIÓN DE LUGO



Se algunha entidade solicitante presentase a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

A documentación complementaria tamén deberá presentarse electronicamente (no caso de que se presente presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica).

As entidades interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. A administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o número de rexistro e/ou de expediente e o servizo responsable do procedemento.

No caso de que algún dos documentos que se van a presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos pola sede electrónica ou teña un formato non admitido pola sede electrónica, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos.

Unha mesma entidade asociativa poderá concorrer nesta convocatoria á LIÑA 10.2 (territorio da Reserva da Biosfera Terras do Miño) e, do mesmo xeito, á LIÑA 10.3 (territorio da Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses). Con todo, unha mesma entidade asociativa só poderá ser beneficiaria dunha única subvención en cada liña desta convocatoria e, do mesmo xeito, só poderá presentar unha única solicitude a cada liña. Cada solicitude deberá formalizarse en expediente individualizado.

4. A documentación será revisada pola Unidade de Xestión polo Centro Xestor (Servizo de Medio Ambiente), quen poderá realizar o requirimento que estime necesario para completar ou corrixir a documentación presentada. Así, de acordo co artigo 68 “Emenda e mellora da solicitude” da LPACAP, se a solicitude non reúne os requisitos que sinala o artigo 66 e, se fora o caso, os que sinala o artigo 67 ou outros esixidos pola lexislación específica aplicable, requirirase o interesado para que, nun prazo de dez días hábiles a contar dende o día seguinte ao da recepción do requirimento, emende a falta ou xunte os documentos preceptivos, con indicación de que se así non o fai, teráselle por desistido da súa petición, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21.

A non presentación da documentación precisa ou a omisión de datos de xeito total ou parcial terá como consecuencia a non valoración dos méritos dentro dos criterios establecidos que non estean suficientemente xustificadas.

5. A documentación a presentar é a seguinte:

ANEXO I: SOLICITUDE

Solicitude de subvención, debidamente asinada electronicamente polo representante legal da entidade, que deberá conter:

- Os datos da entidade solicitante.



DEPUTACIÓN DE LUGO



O datos deben coincidir cos que constan na tarxeta (NIF) expedida pola Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT).

- Os datos do/a representante legal da entidade.
- A liña da convocatoria á que concorre: LIÑA 10.2 (Reserva da Biosfera Terras do Miño) ou LIÑA 10.3 (Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses).
- A denominación da actuación a subvencionar.
- O importe da subvención solicitada.
- A declaración responsable do representante da entidade de que a mesma cumpre cos requisitos establecidos no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS) e no artigo 10 Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) para obter a condición de beneficiario/a.
- A declaración responsable do representante da entidade de que a mesma cumpre cos prazos de pago previstos na normativa sectorial que lle sexa de aplicación ou, no seu defecto, nos establecidos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.
- A declaración responsable do compromiso a incluír as imaxes corporativas da Deputación de Lugo, e particularmente do Programa MaB da UNESCO e da Reserva da Biosfera Terras do Miño ou Os Ancares Lucenses (segundo o caso) en todos os soportes publicitarios ou de promoción e difusión da actuación, e a empregar o idioma galego, en calquera soporte, nas campañas publicitarias e de promoción das actividades subvencionadas.
- A declaración responsable do compromiso no desenvolvemento da actividade a non incluír contidos ou publicidade sexista e que se poidan considerar discriminatorias, vexatorias ou que xustifiquen, banalicen ou inciten á desigualdade de xéneros ou á violencia de xénero.
- O desglose de financiamento da actuación obxecto da subvención, tendo en conta que os fondos propios da entidade deben financiar como mínimo o 5% do custo total da actuación.
- Indicar se esta asume ou non o custo do Imposto sobre o valor engadido (IVE) dos gastos da actuación subvencionable.
- Indicar se ten solicitadas (concedidas ou pendentes de resolución) outras subvencións ou axudas (públicas ou privadas) de contido económico para a mesma actuación subvencionable.
- Indicar se ten patrocinios, colaboracións ou axudas de contido non económico, publicas ou privadas, relacionados coa actuación subvencionable.
- A autorización ou non para que, de ser preciso, a Deputación de Lugo solicite os certificados que acrediten que a entidade está ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes á Axencia Estatal da Administración Tributaria, á Axencia Tributaria de Galicia, á Tesouraría Xeral da Seguridade Social e ao Servizo de Recadación Provincial (para subvencións de máis de 3.000 euros).
- Indicar que as declaracións terán os efectos establecidos no artigo 69.1 da LPACAP, no senso que se compromete a manter o seu cumprimento durante o período de inherente ao citado recoñecemento.



DEPUTACIÓN DE LUGO



ANEXO II: CERTIFICADO DO/A SECRETARIO/A DA ENTIDADE

Certificado do/a secretario/a da entidade, co visto e praxe do presidente, debidamente asinado electronicamente, no que deberá constar os seguintes datos:

- Datos do/a secretario/a da entidade.

- Datos da entidade solicitante.

O datos deben coincidir cos que constan na tarxeta (NIF) expedida pola Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT).

- Datos do/a representante da entidade.

- Datos sobre o acordo de nomeamento do representante legal, (no caso de non ser xa o representante legal).

- Indicación de que os estatutos da entidade presentados están vixentes.

ANEXO III: SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PREVIA PARA A SUBCONTRATACIÓN, TOTAL O PARCIAL, CON PERSOAS OU ENTIDADES VINCULADAS

Para o suposto de que a entidade teña prevista a subcontratación, total ou parcial, da actuación subvencionable con terceiros.

En aplicación do artigo 29.7 d) da LXS, dita solicitude de autorización previa deberá estar asinada electronicamente e deberá conter:

- Os datos do/a representante da entidade.

- Os datos da entidade solicitante.

O datos deben coincidir cos que constan na tarxeta (NIF) expedida pola Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT).

- A denominación da actuación subvencionable.

- O desglose de actividades a subcontratar con terceiros onde se indicará o importe total da actividades subcontratadas.

Así mesmo deberá reflectirse o nome ou razón social e NIF do terceiro co que se pretende subcontratar, así como a vinculación co beneficiario/a.

DOCUMENTACIÓN PRECEPTIVA A ACHEGAR XUNTO COS ANEXOS:

- **Copia do NIF da entidade**

- **Copia do DNI do/a representante da entidade**

- **Copia do DNI do/a secretario/a da entidade**

- **Copia dos estatutos da entidade**, inscritos no rexistro de asociacións correspondente

- **No caso de solicitarse subvencións de importe igual ou superior a 3.000,00 €**, e sempre que non se autorizase a súa solicitude por parte da Deputación Provincial, deberán achegarse os



certificados de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, á Axencia Tributaria de Galicia, á Tesouraría Xeral da Seguridade Social e o Servizo de Recadación Provincial.

- **Proxecto descritivo e valorado economicamente** da actuación a subvencionar, datado e asinado debidamente polo representante da entidade. No proxecto deberase xustificar adecuadamente as liñas do Plan de Xestión da Reserva da Biosfera ás que se contribúe ao seu cumprimento coas actuacións previstas.

- **Orzamento de ingresos e gastos da actividade**, cadrado, datado e debidamente asinado polo representante da entidade.

En ningún caso os ingresos poden superar os gastos. Deberá ter en conta que, polo menos, o 5% do proxecto subvencionado, deberá ser financiado pola propia entidade beneficiaria. Debe de coincidir co indicado no Anexo I.

9 AVALIACIÓN DAS SOLICITUDES

1. O **Servizo de Medio Ambiente** será o encargado de instruír e tramitar os respectivos expedientes. Para tal efecto constituirase unha **Comisión de Avaliación** que se encargará da avaliación das solicitudes presentadas e formulará unha proposta a través do órgano instructor consonte ao disposto no artigo 24 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

A devandita Comisión estará composta por tres funcionarios/as da Deputación de Lugo, a Interventora e o Secretario Xeral da Deputación Provincial.

As regras de funcionamento da Comisión serán as recollidas nos artigos 15 a 18 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP).

Os/as funcionarios/as da Deputación que se integrarán na sinalada Comisión de Avaliación serán designados por Resolución da Presidencia, que precisará quen ostentará a Presidencia.

Revisados os expedientes e completados, de ser o caso, o Centro Xestor remitirá á Comisión de Avaliación para que esta proceda á súa avaliación e informe, no que se concretará o resultado da avaliación efectuada.

2. Para a concesión das subvencións teranse en conta para cada liña da convocatoria os seguintes **criterios de avaliación** tendo en conta unha metodoloxía comparativa:

CRITERIOS	AVALIACIÓN (máximo 30 puntos)
- Asociación ou entidade membro do Órgano de Participación da Reserva da Biosfera Terras do Miño ou Os Ancares Lucenses dende o 2025, ou con anterioridade, e con permanencia durante a anualidade 2025 (máximo 7 puntos)	* Membro: 7 puntos * Non membro: 0 puntos



CRITERIOS	AVALIACIÓN (máximo 30 puntos)
- Actuacións cuxos fins contribúan ao cumprimento dalgunha das Liñas dos Plans de Xestión das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses, en función do número de accións ás que contribúan e se xustifiquen na memoria (máximo 5 puntos)	* Alto (actuacións que contribúan ao cumprimento de 4 accións ou máis do plan de xestión): 5 puntos * Medio (actuacións que contribúan ao cumprimento de 2 ou 3 accións do plan de xestión): 3 puntos * Baixo (actuacións que contribúan ao cumprimento de 1 acción do plan de xestión): 1 punto
- Calidade e interese do proxecto desde o punto de vista da posta en valor do patrimonio natural, cultural e paisaxístico das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses (máximo 5 puntos)	* Alto (o proxecto describe con moito detalle e en profundidade as actividades a desenvolver, así como a xustificación da realización destas actividades no territorio proposto): 5 puntos * Medio (o proxecto describe en detalle as actividades a desenvolver, así como a xustificación da realización destas actividades no territorio proposto) : 3 puntos * Baixo (o proxecto describe con pouco detalle as actividades a desenvolver e non xustifica suficientemente a realización destas actividades no territorio proposto): 1 punto
- Poboación do municipio no que se desenvolve a actuación (referida ao padrón municipal do INE 2024) (máximo 5 puntos)	* Municipio de 2.000 habitantes ou menos: 5 puntos * Municipio con poboación entre 2.001 e 4.000 habitantes: 4 puntos * Municipio con poboación entre 4.001 e 6.000 habitantes: 3 puntos * Municipio con poboación entre 6.001 e 15.000 habitantes: 2 puntos * Municipio con poboación superior a 15.001 habitantes: 1 punto



CRITERIOS	AVALIACIÓN (máximo 30 puntos)
- Contribución da actuación á promoción, difusión e información dos valores da Reserva da Biosfera (a través do emprego de diferentes canles: emprego de materiais en soporte papel, carteis, notas de prensa en medios de comunicación oral ou escritos, anuncios publicitarios, páxina web, redes sociais, etc.) (máximo 3 puntos)	* Alto (contempla alomenos 3 canles de comunicación): 3 puntos * Medio (contempla 2 canles de comunicación): 2 puntos * Baixo (contempla 1 canle de comunicación): 1 punto
- Contribución da actuación á difusión do Día Internacional das Reservas da Biosfera da UNESCO (3 de novembro de 2025) a través da execución dunha acción ese día e/ou difusión/promoción desa acción ese día, (no caso de redes sociais, incluíndo os hashtags #DíaInternacionalRB, #RERB, #terrasdomiño ou #osancareslucenses, segundo o caso, e mención a @depulugo) (máximo 2 puntos)	* Execución dunha acción o 03.11.2025 e publicidade da mesma ese mesmo día mencionando o Día Internacional das Reservas da Biosfera da UNESCO (e no caso de redes sociais, incluíndo os hashtags #DíaInternacionalRB, #RERB e #terrasdomiño ou #osancareslucenses (segundo o caso) e mención a @depulugo): 2 puntos * Difusión/promoción o día 03.11.2025 da actuación subvencionada na anualidade 2025 en calquera canle de comunicación mencionando o Día Internacional das Reservas da Biosfera da UNESCO (e no caso de redes sociais, empregando os hashtags #DíaInternacionalRB, #RERB e #terrasdomiño ou #osancareslucenses (segundo o caso) e mención a @depulugo): 2 puntos
- Criterios de valoración social, segundo os valores que se difundan e/ou transmitan (máximo 3 puntos)	* Actividades que fomenten a igualdade de xénero: 3 puntos * Actividades que fomenten a integración de persoas con capacidades diferentes: 3 puntos * Actividades que fomenten valores interxeneracionais: 3 puntos



DEPUTACIÓN DE LUGO



3. Para cada liña da convocatoria, a avaliación das solicitudes realizarase en dúas fases:

- Na primeira fase, avaliaranse todas as solicitudes e establécese o corte en 15 puntos para pasar á segunda fase do proceso de valoración de solicitudes.
- Na segunda fase, para as solicitudes que superen a puntuación mínima de 15 puntos, o valor económico do punto será o resultante de dividir o total do crédito orzamentario asignado entre a cifra resultante da suma total dos puntos acadados pola totalidade das solicitudes valoradas (enténdase que se refire ás solicitudes admitidas e completas de acordo coas bases e que pasen a esta segunda fase), respectando o importe mínimo e máximo establecido nesta convocatoria, así como o importe da subvención solicitada por cada entidade.

En consecuencia, a axuda a percibir será a resultante de multiplicar os puntos obtidos por cada solicitante polo valor en euros do punto, de acordo co establecido anteriormente.

No suposto de existir remanentes, repartiranse de maneira proporcional aos puntos obtidos por cada solicitante, sempre respectando os máximos e os mínimos establecidos.

Entre aquelas solicitudes que superen a primeira fase, non obterán subvención aquelas entidades/asociacións solicitantes que non logren a puntuación suficiente para que multiplicada polo valor en euros do punto (de acordo co mecanismo indicado anteriormente), teña como resultado un importe inferior aos 1.000,00 euros, importe mínimo establecido na presente convocatoria.

No caso de que se produza un empate nas puntuacións obtidas en aplicación dos criterios de avaliación terá preferencia a orde de presentación das solicitudes no rexistro electrónico correspondente.

10 CONCESIÓN E COMUNICACIÓN

- Acordo de concesión provisional:

1. Ó órgano instrutor, á vista do expediente e do informe da Comisión de Avaliación, efectuará a proposta de concesión provisional, motivada, á Xunta de Goberno da Deputación na que expresará o solicitante ou solicitantes para os que se propón a concesión de subvencións e a súa contía, especificando os criterios de avaliación utilizados, así como (de ser o caso) a desestimación do resto das solicitudes (ben por incumprimento dos requisitos destas bases ou ben por non acadar a puntuación mínima requirida).

Ao abeiro do disposto no artigo 45 da Lei 39/2015 (LPACAP), o acordo de concesión provisional do procedemento non será obxecto de notificación individualizada, senón que será obxecto de notificación por medio de publicación no BOP, concedendo un prazo de dez días hábiles a contar dende o día seguinte ao da publicación do citado acordo de concesión provisional no BOP.



DEPUTACIÓN DE LUGO



Así mesmo o acordo de concesión provisional tamén será obxecto de publicación na páxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.gal.

Se neste prazo algún interesado presentase a súa renuncia á subvención concedida nesta concesión provisional, o crédito que quede dispoñible poderá repartirse entre o resto de solicitantes propostos provisionalmente como beneficiarios/as dunha subvención. Este reparto realizarase proporcionalmente aos puntos acadados por cada un na valoración da súa solicitude, respectando o importe mínimo e máximo establecido nesta convocatoria, así como o importe da subvención solicitada por cada entidade.

2. Finalizado, no seu caso, o trámite de audiencia sen formularse alegacións, o acordo de concesión provisional terá carácter definitivo e procederase á publicación no BOP do anuncio correspondente para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Así mesmo o citado anuncio tamén será obxecto de publicación e na páxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.gal.

O acordo de resolución definitiva de concesión ou denegación das subvencións ás entidades beneficiarias pon fin á vía administrativa polo que **contra o mesmo** cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición **ante a Xunta de Goberno**, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da publicación **do referido acordo** no BOP, de conformidade co establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da publicación **do referido acordo** no BOP, de conformidade co disposto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se se optase por interpoñer recurso de reposición potestativo non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto ou se produza a súa desestimación por silencio administrativo. Todo isto sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro recurso que estime procedente.

- Acordo de concesión definitiva:

1. No caso de presentarse alegacións ou renuncias no trámite de audiencia, o órgano instructor, tras examinar as mesmas, formulará a proposta de concesión definitiva na que se expresará, para cada liña da convocatoria, o solicitante ou solicitantes para os que se propón a concesión de subvencións e a súa contía, especificando os criterios de avaliación utilizados, así como (de ser o caso) a desestimación do resto das solicitudes.

2. En base a proposta de órgano instructor a **Xunta de Goberno resolverá o procedemento**.

Ao abeiro do disposto no artigo 45 da Lei 39/2015 (LPACAP), o acordo de concesión definitiva do procedemento non será obxecto de notificación individualizada, senón que será obxecto de notificación por medio de publicación no BOP.

Así mesmo o citado acordo de concesión definitiva tamén será obxecto de publicación e na páxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.gal.



O acordo de resolución definitiva de concesión ou denegación das subvencións ás entidades beneficiarias pon fin á vía administrativa polo que **contra o mesmo** cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición **ante a Xunta de Goberno**, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da publicación **do referido acordo** no BOP, de conformidade co establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da publicación **do referido acordo** no BOP, de conformidade co disposto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se optase por interpoñer recurso de reposición potestativo non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto ou se produza a súa desestimación por silencio administrativo. Todo isto sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro recurso que estime procedente.

3. O **prazo máximo para resolver e notificar** a resolución do procedemento **non poderá exceder de tres meses**. O prazo computarase a partir do día da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

4. **Entenderase desestimada a solicitude**, cando transcorrido o devandito prazo non recaese resolución expresa, de conformidade co artigo 24 da Lei 39/2015, sen prexuízo da obriga de resolver expresamente que impón o artigo 21 do mesmo texto legal. A resolución expresa posterior ao vencemento do prazo adoptarase pola Administración sen vinculación algunha ao sentido do silencio, de conformidade co preceptuado polo artigo 24.3.b) da Lei 39/2015.

As contías e condicións das subvencións poderán ser modificadas no caso de que resulten alteradas as condicións que se tiveron en conta para a súa concesión.

11 XUSTIFICACIÓN E ABOAMENTO DAS SUBVENCÍONS

Tendo en conta que a rendición da xustificación constitúe un acto obrigatorio da entidade beneficiaria é polo que unha vez finalizada a actividade, acción ou comportamento e no prazo establecido na base 12, as entidades beneficiarias das axudas deberán xustificar o cumprimento da finalidade da actividade subvencionada.

En aplicación do artigo 31 “Modalidades de xustificación”, da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Lugo (BOP núm. 009 do 11-01-2024), e tendo en conta os importes máximos de subvención a conceder previstos nas bases, a xustificación efectuarase na forma de **conta xustificativa simplificada**, que deberá conter, como mínimo, a seguinte documentación xustificativa que deberá ser remitida electronicamente a través da sede da Deputación ou a través dos rexistros establecidos no artigo 16.4 da LPACAP.

Deberá achegarse unha conta xustificativa por cada actuación subvencionable.

A xustificación da subvención realizarase mediante a remisión, por parte da entidade beneficiaria, da seguinte documentación debidamente asinada pola persoa responsable (os anexos están dispoñibles na páxina web da Deputación de Lugo e deben asinarse electronicamente):



- **ANEXO IV: MEMORIA CONTA XUSTIFICATIVA** do cumprimento das condicións impostas nestas bases, explicitando as actividades realizadas, as datas de celebración e os resultados obtidos, debidamente asinada polo representante legal da entidade, indicando:
 - Declaración do custo total da actividade subvencionada.
 - Cadro de importes de financiamento.
 - Cadro de orzamento inicial e custo total e declaración relativa á desviación producida (se fose o caso).

Debe incluírse xunto con este Anexo, unha memoria explicativa das actuacións realizadas, asinada polo representante legal da entidade, que evidencie o cumprimento do proxecto achegado pola entidade beneficiaria na súa solicitude e que foi obxecto de valoración na convocatoria, incluíndo reportaxe fotográfico e soportes que se utilizaron na publicidade da actividade subvencionada.

- **ANEXO V: RELACIÓN CLASIFICADA DE GASTOS POLO CUSTO TOTAL DA ACTIVIDADE SUBVENCIONADA E DA IMPUTACIÓN DE GASTOS**, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión, a data de pago, a descrición do gasto, así como a contía dos gastos que se imputen á Deputación. Debe constar o nome da actuación subvencionable e a anualidade.
 - No caso de relacionarse nóminas, deben vir desglosados: o salario líquido, a seguridade social a cargo da empresa, a seguridade social a cargo do traballador e o IRPF.
- **ANEXO VI: DECLARACIÓN CONXUNTA**
 - Declaración das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade subvencionada, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade subvencionada.
 - Declaración responsable na que se faga constar que a actividade, actuación ou comportamento obxecto da subvención foi realizada, na súa totalidade, co cumprimento das condicións que motivaron a súa concesión e os compromisos adquiridos nas presentes bases.
 - Declaración responsable na que se faga constar que a actividade realizada foi subvencionada pola Deputación Provincial de Lugo, e que este extremo se inseriu na publicidade de todas as actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade subvencionada, incluíndo a imaxe corporativa da Deputación de Lugo, do Programa MaB da UNESCO e da Reserva da Biosfera Terras do Miño ou Os Ancares Lucenses (segundo o caso) e que se empregou o idioma galego, en calquera soporte, nas campañas publicitarias e de promoción das actividades subvencionadas.



- Declaración responsable na que se faga constar que no desenvolvemento da actividade non se incluíron contidos ou publicidade sexista e que se puidesen considerar discriminatorias, vexatorias ou que xustificasen, banalizasen ou incitasen á desigualdade de xéneros ou á violencia de xénero.
- Declaración responsable de que os gastos subvencionables nos que incorreu nas súas operacións comerciais foron aboados nos prazos de pago previstos na normativa sectorial que lle sexa de aplicación ou, no seu defecto, nos establecidos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.
- Declaración responsable na que se faga constar que se cumpriu co establecido no artigo 31.3 da LXS.
- Declaración responsable na que se faga constar que non teñen solicitado e/ou concedido outras subvencións da Deputación de Lugo para a mesma actuación.
- **Facturas** ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa (xustificantes de gasto), incorporadas na relación clasificada de gastos e que se afecten á Deputación. Ao respecto:
 - Deberán achegarse todos os xustificantes de gasto que superen individualmente o 25% do importe da subvención concedida.
 - Do resto xustificantes de gasto, deberá achegarse unha mostra que supoña a seguinte porcentaxe en función do número dos mesmos:
 - Cando o número de xustificantes de gasto sexa menor ou igual a 10, deberá aportarse unha mostra dos mesmos que supoña o 10 % do importe da subvención concedida.
 - Cando o número de xustificantes de gasto sexa entre 11 e 30, deberá aportarse unha mostra dos mesmos que supoña o 5 % do importe da subvención concedida.
 - Cando o número de xustificantes de gasto sexa superior a 30, deberá aportarse unha mostra dos mesmos que supoña o 2 % do importe da subvención concedida.

No suposto de que o importe total dos xustificantes de gasto que superen individualmente o 25% do importe da subvención concedida acade o importe total subvencionado non será necesario aportar ningunha mostra das sinaladas

- **Acreditación do pago das facturas** ou documentos anteriores: o pago das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, deberá realizarse antes da finalización do prazo de xustificación, tendo en conta que segundo o establecido no artigo 18 da Lei 11/2021, do 9 de xullo, pola que se establecen normas contra as prácticas de elusión fiscal que inciden directamente no funcionamento do mercado interior, de modificación de diversas normas tributarias e en materia de regulación do xogo, non poderán aboarse en efectivo as operacións nas que algunha das partes intervinientes actúe en calidade de



empresario ou profesional con importe igual ou superior a 1.000,00 euros ou o seu contravalor en moeda estranxeira.

A efectos de cálculo da contía sinalada, sumaranse os importes de todas as operacións ou pagos en que se puido fraccionar a entrega de bens ou a prestación de servizos. Entenderase por efectivo os medios de pago definidos no artigo 34.3 da Lei 10/2010, do 28 de abril, de prevención de branqueo de capitais e de financiamento do terrorismo, é dicir, o papel moeda e a moeda metálica, nacional ou estranxeira; os cheques bancarios ao portador denominados en calquera moeda e calquera outro medio físico, incluídos os electrónicos, concebidos para ser utilizados como medios de pago ao portador.

Cando unha factura ou documento de valor probatorio equivalente se aboe en efectivo, deberá constar na mesma a expresión “Recibín en efectivo na data _____”, asinado polo receptor, con identificación do mesmo (DNI, nome e apelidos).

Soamente terán que presentarse os xustificantes de pago das facturas que se imputen á Deputación Provincial de Lugo.

Respecto ao contido das facturas: estas deberán recoller o establecido nos artigos 6 e 7 do Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación (aplicarase a normativa vixente en cada momento).

- Aportar as ofertas (solicitadas en base ao establecido no artigo 31.3 da LXS) que engloben as facturas que se afectan á Deputación (mostraxe), salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades coas que contratar ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á subvención.

A elección entre as ofertas presentadas se realizará conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica mais vantaxosa. (Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público para o contrato menor: 15.000,00 € -sen IVE- en servizos e subministros).

- **Certificados acreditativos de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social**, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Seguridade Social (no suposto de que a subvención sexa superior a 3.000,00 € e non ter autorizado á Deputación para solicitalos).
- **Documento emitido pola entidade bancaria**, no que conste o número de conta no que se procederá, no seu caso, ao abono da correspondente subvención.

O centro xestor deberá achegar á documentación xustificativa remitida pola entidade beneficiaria, copia do Anexo I da solicitude da concesión de subvención e os certificados acreditativos de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Seguridade Social (no suposto de que a subvención sexa superior a 3.000,00 € e ter autorizado á Deputación para solicitalos).



DEPUTACIÓN DE LUGO



Nos supostos de subcontratación con entidades vinculadas, a acreditación do custe realizarase nos mesmos termos establecidos para a acreditación dos gastos do beneficiario.

O aboamento da subvención, unha vez aprobada a conta xustificativa da mesma, será efectuada mediante transferencia bancaria ao número de conta sinalado pola entidade beneficiaria. Non se procederá ao seu aboamento no caso de que a entidade beneficiaria non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, ou sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro.

O incumprimento destas condicións será causa de perda da subvención concedida por incumprimento das obrigas da entidade beneficiaria, de conformidade co sinalado no artigo 37 da Ordenanza Xeral de Subvencións.

12 PRAZOS DE XUSTIFICACIÓN

Unha vez finalizada a acción ou comportamento e no prazo establecido, as entidades beneficiarias das axudas deberán xustificar o cumprimento da finalidade da acción ou comportamento subvencionado.

A rendición da conta xustificativa constitúe un acto obrigatorio do beneficiario/a, e a súa presentación realizarase no prazo de tres meses a contar a partir da execución da actividade e, en calquera caso, rematará o **31 de marzo de 2026**.

De conformidade co disposto no artigo 14 da Lei 39/2015 (LPACAP), establécese a obriga de que a entidade beneficiaria se relacione coa Deputación a través de medios electrónicos.

Transcorrido o prazo de xustificación establecido sen aportarse a mesma, requirirase á entidade beneficiaria para que no prazo improrrogable de quince días hábiles sexa presentada. A falta de presentación da xustificación neste prazo adicional dará lugar a que a entidade beneficiaria sexa declarada decaída no seu dereito ao trámite correspondente (artigo 73.3 da LPACAP), e se inicie o procedemento de perda de dereito ao cobro da subvención, sen prexuízo das demais responsabilidades previstas na lexislación xeral de subvencións e restante normativa de aplicación.

13 REDUCIÓNS

Unha vez recibida a conta xustificativa a área de xestión competente revisará a documentación presentada polas entidades beneficiarias comprobando o cumprimento das condicións que motivaron a resolución da concesión da subvención.

No caso de que o importe da subvención concedida illada ou en concorrencia con outras subvencións outorgadas por outras Administracións ou de Entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo da actividade ou comportamento, procederase á redución da subvención concedida ata que non se supere este custo.



No caso de que o importe dos gastos subvencionables xustificados pola entidade beneficiaria non alcance o importe da subvención concedida, reducirase a subvención en función do alcance da propia conta xustificativa.

Dado que a actuación deberá ser financiada pola entidade beneficiaria cando menos no 5 %, si do custo da actividade subvencionable se deduce que os recursos propios non chegan a esa porcentaxe, reducirase a subvención ata que os recursos propios supoñan o 5 % esixido.

Nestes casos, as reducións practicaranse de oficio e de xeito automático sen necesidade de iniciar ningún procedemento tras o informe da área de xestión competente, garantindo o coñecemento do interesado.

14 SUBCONTRATACIÓN

A entidade beneficiaria poderá subcontratar, total ou parcialmente, con terceiros a execución da actuación subvencionada ata o 100 % do importe subvencionado de acordo co establecido no artigo 29 da LXS.

En ningún caso poderán subcontratarse actividades que, aumentando o custe da actividade subvencionada, non aporten valor engadido ao contido da mesma.

Non poderá fraccionarse un contrato co obxecto de diminuír a contía do mesmo e eludir o cumprimento dos requisitos esixidos no apartado anterior.

Os contratistas quedarán obrigados soamente ante a entidade beneficiaria, que asumirá a total responsabilidade da execución da actuación subvencionada fronte á Administración.

O/a beneficiario/a será responsable de que, na execución da actuación subvencionada concertada con terceiros, se respecte a natureza e contía dos gastos subvencionables, e os contratistas estarán suxeitos ao deber de colaboración para a verificación do cumprimento de ditos límites.

O/a beneficiario/a da subvención non poderá concertar, en ningún caso, a subcontratación da actividade subvencionada con persoas ou entidades nas que concorra algunha das seguintes circunstancias:

- 1) Que estean incursas nalgunha das prohibicións establecidas na LXS.
- 2) Que percibiran outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación.
- 3) Que sexan intermediarios ou asesores nos que os pagos se definan como unha porcentaxe do custe total da operación, a menos que dito pago estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou aos servizos prestados.
- 4) Que estean vinculadas co/a beneficiario/a.
- 5) Que sexan solicitantes de axuda ou subvención na mesma convocatoria e programa, e que non obtiveran subvención por non reunir los requisitos ou non alcanzar a valoración suficiente.



DEPUTACIÓN DE LUGO



No caso de que a entidade subcontratada estea vinculada coa entidade beneficiaria deberá cumprirse o seguinte:

- a) Que se obteña a previa autorización expresa da Deputación de Lugo.
- b) Que o importe subvencionable non exceda do custe incorrido pola entidade vinculada. A acreditación do custe realizarase na xustificación nos mesmos termos establecidos para a acreditación dos gastos do/a beneficiario/a.

De conformidade co establecido no artigo 14 da LXS, apartado 1, a), a entidade beneficiaria será responsable de cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión desta subvención.

15 VIXENCIA DAS BASES

A vixencia das Bases comezará no momento da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, con efectos económicos dende o 1 de xaneiro de 2025, manténdose vixentes durante o prazo máximo fixado para o aboamento das subvencións, que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización, será o 31 de xaneiro de 2027, debendo esta aprobadas as contas xustificativas na data límite do 31 de decembro de 2026.

16 MODIFICACIÓN DAS BASES

As presentes bases poden ser obxecto de modificación pola Xunta de Goberno sempre que as mesmas estean vixentes.

17 RENUNCIA

A renuncia á subvención poderase facer por calquera medio que permita a súa constancia, de acordo co establecido no artigo 94 da Lei 39/2015 (LPACAP). No caso de que as entidades beneficiarias non comuniquen á Excm. Deputación Provincial, no prazo máximo de dez días hábiles a contar dende o día seguinte ao da publicación do anuncio ou do acordo de concesión definitiva no BOP a súa renuncia, entenderase que a subvención é aceptada.

18 PLAN DE AUDITORÍA

A efectos de executar o control financeiro e a fiscalización plena posterior en materia de subvencións pola Intervención Provincial levarase a cabo un Plan de Auditoría anual que indique o alcance da comprobación, tanto a mostra e forma de selección, como as principais actuacións a comprobar, que como mínimo serán as seguintes:

1. Comprobar a execución polas entidades beneficiarias das actividades subvencionables e o cumprimento da finalidade para a que foron concedidas.
2. Verificar a existencia e custodia pola entidade beneficiaria das facturas, certificacións ou documentos xustificativos da subvención.
3. Verificar a data de pago dos devanditos documentos.

Para a execución do Plan de Auditoría, a Intervención Provincial pode, en caso de insuficiencia de medios propios dispoñibles, recabar a colaboración de empresas privadas de auditoría.



DEPUTACIÓN DE LUGO



19 SUPOSTOS DE PERDA DO DEREITO AO COBRO DA SUBVENCIÓN OU REINTEGRO

Estarase ao disposto nos artigos 41 a 43 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), desenvolto polos artigos 94 e 95 do RLXS e, en calquera caso, ao disposto na normativa concordante vixente en cada momento.

20 RÉXIME DE RECURSOS

O acordo de aprobación das presentes bases e os seus anexos pon fin á vía administrativa polo que **contra o mesmo** cabe interpoñer potestativamente **recurso de reposición ante a Xunta de Goberno**, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co disposto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se optase por interpoñer recurso de reposición potestativo non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto ou se produza a súa desestimación por silencio administrativo. **Todo isto** sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro recurso que estime procedente.

21 OUTRAS DISPOSICIÓNS

No non previsto nesta convocatoria estarase ao disposto en:

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).
- Lei 29/ 1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS).
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de decembro, Xeral de Subvencións (RLXS).
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- A Ordenanza Xeral de Subvencións da Excma. Deputación Provincial de Lugo (BOP núm. 009 do 11 de xaneiro de 2024).
- O Regulamento Orgánico da Deputación de Lugo (BOP núm. 202 do 3 de setembro de 2020).
- Bases de execución do orzamento e a normativa sobre delegación de competencias e atribucións dos órganos de goberno da Deputación vixentes no momento da concesión.



DEPUTACIÓN DE LUGO



22 OUTRAS DETERMINACIÓNS

- Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo 2023-2025:
<https://www.deputacionlugo.gal/sites/deputacionlugo.org/files/inline-files/PES%202023%20-%202025%20BDNS%20-%20Galego.pdf>
- Plan de Xestión da Reserva da Biosfera Terras do Miño (2024-2034):
<https://terrasdomino.deputacionlugo.org/wp-content/uploads/2024/07/2024-Monogra-Minho.pdf>
- Plan de Xestión da Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá (2024-2034):
<https://osancareslucenses.deputacionlugo.org/wp-content/uploads/2024/07/2024-MongrAncares.pdf>

En Lugo, na hora e data das sinaturas dixitais

A xefa da Sección I Medio Ambiente
Andrea Macho Benito

O xefe do Servizo de Medio Ambiente
Luis J. Fernández Rei

CONFORME,
O deputado delegado da Área de Medio Ambiente
Carlos López López



DEPUTACIÓN DE LUGO



ANEXO I: SOLICITUDE

CONVOCATORIA, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS SEN ÁNIMO DE LUCRO DAS RESERVAS DA BIOSFERA TERRAS DO MIÑO E OS ANCARES LUCENSES PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓNS DE POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO NATURAL, CULTURAL E PAISAXÍSTICO DESTES TERRITORIOS NA ANUALIDADE 2025

DATOS DA ENTIDADE	
DENOMINACIÓN SOCIAL:	NIF:
ENDEREZO SOCIAL:	CP:
LOCALIDADE:	PROVINCIA:
TELÉFONO:	E-MAIL:

DATOS DO REPRESENTANTE LEGAL	
NOME E APELIDOS:	DNI:
ENDEREZO SOCIAL:	CP:
TELÉFONO:	E-MAIL:

SOLICITA :

Unha subvención por importe (numérico) de:

dentro da liña da convocatoria (marcar a que proceda):

(...) LIÑA 10.2 (Reserva da Biosfera Terras do Miño).

(...) LIÑA 10.3 (Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses).

Para a execución da seguinte actuación:

DENOMINACIÓN DA ACTUACIÓN

Polo que, **DECLARO BAIXO XURAMENTO E A MIÑA RESPONSABILIDADE:**

1. Que a entidade á que represento cumpre cos requisitos establecidos nos artigos 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para obter a condición de beneficiario/a.
2. Que a entidade á que represento cumpre cos prazos de pago previstos na normativa sectorial que lle sexa de aplicación ou, no seu defecto, nos establecidos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.
3. Que o desglose do financiamento da actuación para a cal se solicita a subvención é:

CONCEPTO		IMPORTE
FONDOS PROPIOS DA ENTIDADE (como mínimo 5% do custo total)		€
FONDOS DA DEPUTACIÓN DE LUGO		€
OUTRAS FONTES DE FINANCIAMENTO DA ACTUACIÓN		€
		€
		€
CUSTO TOTAL		€



DEPUTACIÓN DE LUGO



4. Que a entidade á que represento:

☐ **SI**, está asumindo o custo do Imposto sobre o valor engadido (IVE) dos gastos da actuación subvencionable, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.

☐ **NON**, está asumindo o custo do Imposto sobre o valor engadido (IVE) dos gastos da actuación subvencionable, por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.

5. Que a entidade á que represento

☐ **SI**, ten solicitadas (concedidas ou pendentes de resolución) outras subvencións ou axudas (públicas ou privadas) de contido económico para a mesma actuación subvencionable, segundo a seguinte táboa:

ENTIDADE Á QUE SE LLE SOLICITOU A AXUDA OU SUBVENCIÓN	IMPORTE SOLICITADO	ESTADO		IMPORTE CONCEDIDO
		CONCEDIDA	PENDENTE	
TOTAL AXUDAS OU SUBVENCIÓNS				€

☐ **NON** solicitou nin lle foi concedida ningunha outra subvención ou axuda (pública ou privada) de contido económico para a mesma actuación subvencionable.

6. Que a entidade á que represento

☐ **SI** ten patrocinios, colaboracións ou axudas de contido non económico, publicas ou privadas, relacionados coa actuación subvencionable, tal e como figura na seguinte relación:

ENTIDADE COLABORADORA	DESCRICIÓN

☐ **NON** ten patrocinios, colaboracións ou achegas de contido non económico, publicas ou privadas, relacionados coa actuación subvencionable.

7. Que a entidade á que represento se compromete a incluír as imaxes corporativas da Deputación de Lugo, e particularmente do Programa MaB da UNESCO e da Reserva da Biosfera Terras do Miño ou Os Ancares Lucenses (segundo o caso) en todos os soportes publicitarios ou de promoción e difusión da actuación, e a empregar o idioma galego, en calquera soporte, nas campañas publicitarias e de promoción das actividades subvencionadas.

8. Que a entidade á que represento se compromete no desenvolvemento da actividade a non incluír contidos ou publicidade sexista e que se poidan considerar discriminatorias, vexatorias ou que xustifiquen, banalicen ou inciten á desigualdade de xéneros ou á violencia de xénero.

Esta declaración responsable emítese segundo o establecido no artigo 69.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, declarándose expresamente que, a entidade solicitante cumpre o indicado, que dispón da documentación que así o acredita, que a porá a disposición da Administración cando lle sexa requirida, e que se compromete a manter o seu cumprimento durante o período de tempo inherente a dito recoñecemento ou o exercicio do dereito ao cobro da subvención.



DEPUTACIÓN DE LUGO



(...) **AUTORIZO** á Deputación Provincial de Lugo para que solicite – se é o caso- os certificados de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes á Axencia Estatal da Administración Tributaria, á Axencia Tributaria de Galicia, á Tesouraría Xeral da Seguridade Social e ao Servizo de Recadación Provincial.

(...) **NON AUTORIZO** á Deputación Provincial de Lugo para que solicite – se é o caso- os certificados de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes á Axencia Estatal da Administración Tributaria, á Axencia Tributaria de Galicia, á Tesouraría Xeral da Seguridade Social e ao Servizo de Recadación Provincial.

PROTECCIÓN DE DATOS

(...) **SI, AUTORIZO E CONSINTO** a que a DEPUTACIÓN DE LUGO utilice os datos aportados para a solicitude desta subvención.

(...) **NON, NIN AUTORIZO NIN CONSINTO** a que a DEPUTACIÓN DE LUGO utilice os datos aportados para a solicitude desta subvención.

O Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, xeral de protección de datos, e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos de Carácter persoal e Xestión dos Dereitos Dixitais, a continuación pode consultar o rexistro de actividades de tratamento.

ENTIDADE RESPONSABLE	Deputación de Lugo
ROL	Responsable do Tratamento
SERVIZO RESPONSABLE	Medio Ambiente
FINALIDADE	Xestión das subvencións baixo a responsabilidade da Deputación de Lugo
INTERESADOS	Persoas físicas ou xurídicas
CATEGORÍAS DE DATOS	Nome Apelidos D.N.I Dirección postal Correo electrónico Sinatura Certificado de conta bancaria
BASE LEXITIMACIÓN	RGPD: 6.1.c) Tratamento necesario para o cumprimento dunha obriga legal aplicable ao responsable do tratamento RGPD: 6.1.e) Tratamento necesario para o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións
DESTINATARIOS DE COMUNICACIÓN	Outras administracións As requiridas pola lei e a normativa de aplicación para a correcta tramitación do expediente
TRANSFERENCIAS INTERNACIONAIS	Non previstas
PRAZO SUPRESIÓN	Os datos se conservarán durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se recabaron e para determinar as posibles responsabilidades que se puideran derivar de dita finalidade e do tratamento dos datos. Será de aplicación o disposto na normativa de arquivos e documentación
MEDIDAS DE SEGURIDADE	Medidas técnicas e organizativas previstas polo Esquema Nacional de Seguridade

Pode consultar información detallada sobre o tratamento dos datos na [web da Deputación de Lugo](#)

Sinatura,

O/A representante legal da entidade

SR PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN DE LUGO



DEPUTACIÓN DE LUGO



ANEXO II: CERTIFICADO DA SECRETARÍA DA ENTIDADE

CONVOCATORIA, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS SEN ÁNIMO DE LUCRO DAS RESERVAS DA BIOSFERA TERRAS DO MIÑO E OS ANCARES LUCENSES PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓNS DE POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO NATURAL, CULTURAL E PAISAXÍSTICO DESTES TERRITORIOS NA ANUALIDADE 2025

DATOS DA ENTIDADE	
DENOMINACIÓN SOCIAL:	NIF:
ENDEREZO SOCIAL:	CP:
LOCALIDADE:	PROVINCIA:
TELÉFONO:	E-MAIL:

DATOS DO/A SECRETARIO/A	
NOME E APELIDOS:	DNI:
ENDEREZO SOCIAL:	CP:
TELÉFONO:	E-MAIL:

CERTIFICO (marcar o que proceda):

☐	Que D./D.ª _____ con DNI _____, ten capacidade de obrar, como representante legal da entidade, para a tramitación da citada solicitude de subvención.
☐	Que na sesión da Xunta Directiva da entidade, celebrada o día _____, acordouse nomear como representante autorizado da mesma a D./D.ª _____ con DNI _____, para a xestión das actuacións derivadas da tramitación da antedita subvención. <i>(No caso de non ser xa o representante legal)</i>
☐	Que os estatutos da entidade presentados están vixentes.

E para que conste ante a Deputación de Lugo, expido a presente certificación.

Asinado:

O/A secretario/a da entidade	V.º e praxe: O/A presidente/a da entidade
Asdo. _____	Asdo. _____

SR PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN DE LUGO



DEPUTACIÓN DE LUGO



**ANEXO III: SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PREVIA PARA A SUBCONTRATACIÓN, TOTAL OU PARCIAL, CON
PERSONAS OU ENTIDADES VINCULADAS**

Autorización para subcontratar con personas ou entidades vinculadas coa entidade beneficiaria

**CONVOCATORIA, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONES
DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS SEN ÁNIMO DE LUCRO DAS RESERVAS DA BIOSFERA TERRAS DO
MIÑO E OS ANCARES LUCENSES PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓN DE POSTA EN VALOR DO
PATRIMONIO NATURAL, CULTURAL E PAISAXÍSTICO DESTES TERRITORIOS NA ANUALIDADE 2025**

D./D.ª _____ con DNI _____, con enderezo para os efectos de notificación no
concello de _____ CP _____, na provincia de _____ e teléfono _____, na miña
condición de representante legal da entidade¹ _____
con NIF _____ e e-mail _____

EXPOÑO:

Que a entidade á que represento solicitou unha subvención en concorrencia competitiva para sufragar os gastos
derivados da execución da actuación denominada _____,
para o ano 2025.

En base ao anteriormente exposto e segundo o establecido no artigo 29 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de
Subvencións (LXS no sucesivo).

SOLICITO:

**(...) AUTORIZACIÓN PARA SUBCONTRATAR CON PERSONAS OU ENTIDADES VINCULADAS COA ENTIDADE Á QUE
REPRESENTO EN APLICACIÓN DO ARTIGO 29.7 d) DA LXS.**

- Autorización para subcontratar coas seguintes entidades:

NOME OU RAZÓN SOCIAL	NIF	ACTIVIDADE A SUBCONTRATAR	IMPORTE A SUBCONTRATAR	VINCULACIÓN CO/COA BENEFICIARIO/A

Asinado,

O/A representante legal da entidade

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN DE LUGO

1 Denominación tal e como se reflicte no NIF da entidade, expedido pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.



DEPUTACIÓN DE LUGO



ANEXO IV: MEMORIA CONTA XUSTIFICATIVA

SUBVENCÍONS DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS SEN ÁNIMO DE LUCRO DAS RESERVAS DA BIOSFERA TERRAS DO MIÑO E OS ANCARES LUCENSES PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓNS DE POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO NATURAL, CULTURAL E PAISAXÍSTICO DESTES TERRITORIOS NA ANUALIDADE 2025

DATOS IDENTIFICATIVOS DA ENTIDADE BENEFICIARIA DA SUBVENCIÓN

DATOS DA ENTIDADE	
DENOMINACIÓN SOCIAL:	NIF:
ENDEREZO SOCIAL:	CP:
LOCALIDADE:	PROVINCIA:
TELÉFONO:	E-MAIL:

E na súa representación:

DATOS DO REPRESENTANTE LEGAL	
NOME E APELIDOS:	DNI:
ENDEREZO SOCIAL:	CP:
TELÉFONO:	E-MAIL:

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

1. Que a entidade beneficiaria á que represento desenvolveu a actividade subvencionada segundo a seguinte memoria explicativa:

Denominación da actuación subvencionada
Liña da convocatoria

DESCRICIÓN XERAL
Descrición das actividades realizadas
Destinatarios/as
Obxectivos
Datas de celebración
Soportes publicitarios empregados
Incidencias existentes



DEPUTACIÓN DE LUGO



NIVEL DE LOGROS DE OBTENCIONES - RESULTADOS OBTIDOS

2. Que o custo total dos gastos derivados da execución da actuación subvencionada ascendeu a:

Base (€)	IVE (€)	Total (€)

Segundo o Anexo V da relación clasificada de gastos da actividade subvencionada.

Financiándose coas seguintes achegas económicas:

FINANCIAMENTO	IMPORTE (€)
Fondos propios de (... % como mínimo)	
Aportación da Excm. Deputación Provincial de Lugo (axuda)	
Subvención doutras Administracións Públicas	
Outras fontes de financiamento (.....)	
SUMA (CUSTO TOTAL)	

3. Que o orzamento inicialmente previsto e o custo derivado da execución da actuación subvencionada son os que relacionan:

Orzamento inicialmente previsto para a execución da actuación subvencionada (€)	Custo derivado da execución da actuación subvencionada (€)

A desviación producida, por importe de € entre o orzamento inicialmente previsto e o custo ao que ascendeu a execución da actuación subvencionada responde a:

.....

Asinado,

O/A representante legal da entidade



DEPUTACIÓN DE LUGO



ANEXO V: RELACIÓN CLASIFICADA E IMPUTACIÓN DE GASTOS DERIVADOS DA ACTIVIDADE SUBVENCIONADA

SUBVENCÍONS DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS SEN ÁNIMO DE LUCRO DAS RESERVAS DA BIOSFERA TERRAS DO MIÑO E OS ANCARES LUCENSES PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACÍONS DE POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO NATURAL, CULTURAL E PAISAXÍSTICO DESTES TERRITORIOS NA ANUALIDADE 2025

DATOS IDENTIFICATIVOS DA ENTIDADE BENEFICIARIA DA SUBVENCIÓN

DATOS DA ENTIDADE	
DENOMINACIÓN SOCIAL:	NIF:
ENDEREZO SOCIAL:	CP:
LOCALIDADE:	PROVINCIA:
TELÉFONO:	E-MAIL:

E na súa representación:

DATOS DO REPRESENTANTE LEGAL	
NOME E APELIDOS:	DNI:
ENDEREZO SOCIAL:	CP:
TELÉFONO:	E-MAIL:

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

1. Que os gastos derivados da execución da actuación subvencionada “ ”, da Liña da convocatoria, anualidade 2025 e a imputación dos mesmos son os que se relacionan a continuación:

DOCUMENTO				ACREDOR		IMPORTE		IMPUTACIÓN				DESCRIPCIÓN DO GASTO
Identificación¹	Número	Data de emisión	Data de pago	Nome ou denominación social	NIF	Sen IVE	Con IVE	Á execución da actuación subvencionada (custo total)		Á axuda concedida (gasto imputado á Deputación)		
								%	Importe	%	Importe	
TOTAL GASTOS SUBVENCIONABLES												

¹ Identificación do documento: indicar si se trata dunha factura, nómina, liquidación, recibo, modelo 111 do IRPF, RLC (Relación de Liquidación de Cotizacións), RNT (Relación Nominal de Traballadores) ou equivalentes, etc...



DEPUTACIÓN DE LUGO



2. Que os documentos orixinais dos gastos relacionados conservaranse e estarán a disposición, de ser necesario, para a súa comprobación e control.

Asinado,

O/A representante legal da entidade



DEPUTACIÓN DE LUGO



ANEXO VI: DECLARACIÓN CONXUNTA

SUBVENCÍONS DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS SEN ÁNIMO DE LUCRO DAS RESERVAS DA BIOSFERA TERRAS DO MIÑO E OS ANCARES LUCENSES PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACÍONS DE POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO NATURAL, CULTURAL E PAISAXÍSTICO DESTES TERRITORIOS NA ANUALIDADE 2025

I. DATOS IDENTIFICATIVOS DA ENTIDADE BENEFICIARIA DA SUBVENCIÓN

DATOS DA ENTIDADE	
DENOMINACIÓN SOCIAL: _____	NIF: _____
ENDEREZO SOCIAL: _____	CP: _____
LOCALIDADE: _____	PROVINCIA: _____
TELÉFONO: _____	E-MAIL: _____

E na súa representación:

DATOS DO/A REPRESENTANTE LEGAL	
NOME E APELIDOS: _____	DNI: _____
ENDEREZO SOCIAL: _____	CP: _____
TELÉFONO: _____	E-MAIL: _____

En relación a actuación _____ encadrada dentro da liña _____ da convocatoria ano 2025

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

I. Que a entidade beneficiaria á que represento:

(...) **SI** ten solicitadas e/ou concedidas outras subvencións ou axudas (públicas ou privadas) de contido económico para a mesma actuación subvencionable, segundo a seguinte táboa:

RELACIÓN DETALLADA

CONCEPTO (marque cunha cruz)		PROCEDENCIA	IMPORTE
AXUDA	SUBVENCIÓN		

IMPORTE TOTAL DE AXUDAS OU SUBVENCÍONS SOLICITADAS E/OU CONCEDIDAS	€
--	---

(...) **NON** solicitou nin lle foi concedida ningunha outra subvención ou axuda (pública ou privada) de contido económico para a mesma actuación subvencionable.



DEPUTACIÓN DE LUGO



II. Que a entidade beneficiaria á que represento:

(...) **SI** ten patrocinios, colaboracións ou achegas de contido non económico, publicas ou privadas, relacionados coa actuación subvencionable, tal e como figura na seguinte táboa:

ENTIDADE COLABORADORA	DESCRICIÓN DA AXUDA

(...) **NON** ten patrocinios, colaboracións ou achegas de contido non económico, publicas ou privadas, relacionados coa actuación subvencionable.

III. Que a actuación subvencionada foi executada na súa totalidade cumprindo coas condicións que motivaron a súa concesión e os compromisos adquiridos nas bases canalizadoras da subvención.

IV. Que os gastos subvencionables nos que incorreu nas súas operacións comerciais foron aboados nos prazos de pago previstos na normativa sectorial que lle sexa de aplicación ou, no seu defecto, nos establecidos na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

V. Que se cumpriu co establecido no artigo 31.3 da LXS.

VI. Que a execución da devandita actuación foi subvencionada pola Deputación Provincial de Lugo e que, este extremo, se inseriu na publicidade de todas as actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade subvencionada, incluíndo as imaxes corporativas da Deputación de Lugo, do Programa MaB da UNESCO e da Reserva da Biosfera Terras do Miño ou Os Ancares Lucenses (segundo o caso), **e que se empregou o idioma galego**, en calquera soporte, nas campañas publicitarias e de promoción das actividades subvencionadas.

VII. Que no desenvolvemento da actividade non se incluíron contidos ou publicidade sexista e que se puidesen considerar discriminatorias, vexatorias ou que xustificasen, banalizasen ou incitasen á desigualdade de xéneros ou á violencia de xénero.

VIII. Que a entidade beneficiaria á que represento non ten solicitado e/ou concedido outras subvencións da Deputación de Lugo para a mesma actuación.

Asinado,

O/A representante legal da entidade